



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

SESION PLENARIA ORDINARIA DIA VENRES 10 DE SETEMBRO DE 2021

Sesión plenaria no Multiusos do Concello, cando son as 13:30 horas do día venres 10 de setembro de 2021, a fin de celebrar Sesión extraordinaria convocada previamente para este día, reúnen os seguintes concelleiros:

Don, Don Roberto Rey Martínez, Don Jesús Francos Sanchez, D^a. María Ángeles Álvarez Carro, D. Jesús Miguel Prado Cea, D. Óscar Botana Rúa, D. Manuel Ferreiro Marzoa, D. Juan Carlos Portos Bra, D. Enrique Astray Otero, Don Jose Luis Pereira Bao, D. Manuel Míguez Villaverde, e a ausencia de D.Aurelio Garea Portos baixo a Presidencia de D. Roberto Rey Martínez como Alcalde- Presidente, e coa asistencia da Secretaria accidental do Concello Nieves Mandayo Vázquez.

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o Presidente abre a sesión polo que procede a deliberación sobre os asuntos incluídos na **ORDE DO DÍA:**

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DO PLENOS ANTERIORES (SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 09.07.2021)

Coñecida polos/as asistentes, a través de correo electrónico, a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 9 de xullo de 2021.

O Pleno, por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno celebrada o día 9 de xullo de 2021.

2.- DACIÓN EN CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA.

Dáse conta dos decretos da Alcaldía, do exercicio 2021 (dende a data de convocatoria do último Pleno ata a convocatoria do presente) que foran remitidos por correo electrónico aos concelleiros xunto coa convocatoria deste Pleno (Decretos número 118 a 153)

3.- ASUNTO: CONVENIO COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”. RATIFICACIÓN.

Vista proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

“Vista a Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

en concorrencia competitiva do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020).

Visto o interese dos Concellos de Frades e Ordes para a xestión compartida “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”

Consta informe de secretaría-intervención

Visto o convenio de colaboración entre os concellos de Frades e Ordes para a tramitación conxunta do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020), o cal se reproduce literalmente:

CONVENIO COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”

REUNIDOS:

Por outra parte, D. JOSE LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente do Concello de ORDES (A Coruña), segundo o acordo do Pleno de data 15 de xuño de 2019.

Por unha parte, D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES (A Coruña), segundo o acordo do Pleno de data 15 de xuño de 2019.

Todos eles en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020).



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

No marco da normativa anterior os Concellos prestan servizos dedicados á protección do ambiente e do espazo natural.

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXPAC), establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación . Nesa liña, unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, é preciso minimizar custos e apostar por XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento realizar un exercicio de políticas públicas, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Sexto.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), como a Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA) e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

O Art. 47.2.a da Lei 40/2015, de 1 outubro, establece que son convenios interadministrativos os asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

O Art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, establece que a suscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

Sétimo.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestación do “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Créase unha agrupación entre o Concello de FRADES e o Concello de ORDES para colaborar na xestión compartida do “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020).

Segunda.- O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto será o municipio de Frades e o municipio de Ordes.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Terceira.- O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, en aras dunha mellor coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- *Prestar de forma eficaz e eficiente este servizo público.*
- *Minorar os custos económico da súa prestación illada.*
- *Valorizar os recursos dispoñibles.*

Cuarta.- O Concello de Frades o Concello de Ordes aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020).

A xestión do proxecto será realizada polo Concello de ORDES (concello representante), que será a entidade promotora, e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, ..etc., excepto a tramitación das autorizacións administrativas que sexan esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos bens sobre os que se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto que se realizará de forma individual por cada un dos concellos que integra a agrupación), incluída a posibilidade de contratación de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co art.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por parte do concello de representante, na forma en que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co art. 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP).

Quinta.- Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Sexta.- Nomear a D. JOSE LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente do Concello de ORDES, representante con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

como beneficiario corresponde á agrupación para a xestión compartida entre o Concello de Frades e o Concello de Ordes.

D. JOSÉ LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente do Concello de ORDES actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador da axuda solicitada .

O Concello de FRADES comprométense solidariamente co Concello de ORDES á execución e aplicación solidaria da subvención solicitada.

Sétima.- Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado.

A subvención solicitada á Dirección Xeral de Administración, Vicepresidencia primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Turismo ao abeiro da Orde de 30/12/2020 para os Concellos de Frades, Mesía e Ordes ascende a 60.00,00 euros (gastos de funcionamento 40%, gastos de adquisición de equipamento 60%).

As actuacións que vai a levar a cabo o Servizo de protección do ambiente e do espazo natural nos concello de Ordes e Frades estará enfocada nas liñas básicas de actuación que se relacionan no apartado 4º da Memoria Xustificativa (art.21.1.c) da subvención solicitada ao abeiro da Orde 30/12/2020.

Para desenvolver as labores de conservación, restauración e protección do ambiente e do espazo natural dunha maneira máis eficiente procederase á adquisición dun vehículo todocamiño, híbrido enchufable, con 5 plazas, con tracción 4x4, con distintivo ambiental ECO, equipado con gancho de remolque, coas características sinaladas na Memoria explicativa do equipamento (art. 21.3.c) da subvención solicitada ao abeiro da Orde de 30/12/2020.

O importe non subvencionado do proxecto que será asumido polos Concellos de Frades e Ordes serán as cantidades seguintes:

Concello de Frades:

- Gastos de funcionamento: 6.000,00 €.
- Gastos de investimento: 6.300,00 €.

Concello de Ordes:

- Gastos de funcionamento: 6.000,00 €.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

- *Gastos de investimento: 6.300,00 €.*

O Concello de Frades transferirá ao Concello de Ordes o importes anterior correspondente a gastos de investimento.

Calquera outro gasto derivado do funcionamento do SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES será sufragado a partes iguais por cada un dos concellos.

Oitava.- O presente convenio terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

Non se disolverá a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia

Novena.- As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula seguinte. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun novo instrumento que será asinado polas partes convenientes.

O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular as obrigas das partes asinantes establecidas na cláusula quinta deste dará lugar será causa da súa resolución .

Décima.- A vixilancia e seguimento da aplicación do convenio encoméndase a unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

Esta comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio

Décimo primeira.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á Orde de convocatoria das subvencións, así como os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse

Décimo segunda.- O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público (art. 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro), debendo aplicarse

En proba de conformidade asínase polas partes comparecentes, na data da sinatura dixital.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Alcalde do Concello de Ordes

O Alcalde do Concello de Frades

José Luis Martínez Sanjurjo

Roberto Rey Martínez

Tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no Artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a constitución da agrupación entre os concellos de FRADES ORDES para colaborar na xestión compartida do “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020).

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de FRADES e de ORDES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de concesión da subvención e no texto do convenio.

Cuarto.- Aceptar a delegación no concello de Ordes das facultades para a tramitación administrativa do expediente e nomear a don Nomear a D. JOSE LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente do Concello de ORDES, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Quinto.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da Corporación Municipal

Sexto.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Frades, (na data da sinatura electrónica deste documento)

O alcalde, Roberto Rey Martínez”

Polo exposto PROPOÑO ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

Primeiro.- Ratificar o texto da Resolución de alcaldía de data de 26/07/2021 ca adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a constitución da agrupación entre os concellos de FRADES ORDES para colaborar na xestión compartida do “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES”, ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2020 pola que se establecen os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia competitiva do Fondo de compensación ambiental para o ano 2021, mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (DOG nº 15, de data 30/12/2020).

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de FRADES e de ORDES PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “SERVIZO DE PROTECCIÓN DO AMBIENTE E DO ESPAZO NATURAL NOS CONCELLO DE ORDES E FRADES

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de concesión da subvención e no texto do convenio.

Cuarto.- Aceptar a delegación no concello de Ordes das facultades para a tramitación administrativa do expediente e nomear a don Nomear a D. JOSE LUIS MARTÍNEZ SANJURJO, Alcalde-Presidente do Concello de ORDES, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Segundo.- Certificar o presente acordo.”

O voceiro do grupo BNG pregunta quen usará os materiais subministrados

O Alcalde explica que será utilizado polos empregados do Concello, e que o seu uso será compartido entre o Concello de Frades e o Concello de Ordes, segundo as necesidades existentes.

Votacións:

Votos a favor: 8

7 PP



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

1 BNG

Votos en contra: 0

Abstencións: 2

2 PSOE

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

4.- ASUNTO: ADXUDICACIÓN DEFINITIVA CONTRATO DE OBRA “CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTECARREIRA”. RATIFICACIÓN.

Vista proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

“Considerando o texto da Resolución de alcaldía de data do 6/09/2021 que literalmente se transcribe:

“DECRETO: ADXUDICACIÓN DEFINITIVA CONTRATO DE OBRA “CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTECARREIRA”

O Concello de Frades de conformidade co artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local ten a competencia en Infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade, así como a promoción da cultura e equipamentos culturais.

Unha vez aprobado definitivamente o orzamento municipal e visto que con data 03/05/2021 polo Alcalde fixo a proposta de realizar a contratación da execución do proxecto Centro Sociocomunitario de Pontecarreira”, elaborado polo arquitecto D. José Isidro López Yáñez, colexiado nº 2.261, de data marzo de 2020, con motivo do convenio suscrito entre o Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar e o Concello de Frades para o financiamento das obras de construción do Centro Sociocomunitario do Concello de Frades, emitindo a correspondente memoria xustificativa da contratación.

Dada a característica da obra considérase como procedemento máis axeitado o procedemento aberto simplificado.

Visto que con data 07/05/2021 foi emitido Informe pola Secretaria do Concello sobre a porcentaxe que supón a contratación en relación cos recursos ordinarios do orzamento vixente, o órgano competente para adxudicar o contrato e sobre a Lexislación aplicable e o procedemento a seguir advertíndose da legalidade do mesmo.

Visto que consta a retención de crédito oportuna.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

Visto acordo do Pleno da Corporación de data aprobando o expediente e os Pregos de Cláusulas Administrativas para a adxudicación do contrato de obra “CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTECARREIRA”, por procedemento aberto simplificado com publicidade no perfil.

Vistas as proposicións presentadas polos licitadores recollidas no expediente.

Vista a proposta da mesa de contratación relativa a adxudicar o contrato a J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005) transcrita na acta que literalmente di:

“La mesa ACUERDA proponer al órgano de contratación como adjudicatario a J.STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. al resultar la oferta más ventajosa de conformidad con los criterios previstos en el Pliego de Cláusulas Administrativas.”

Visto o requirimento realizado a J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005) o cal presentou a oferta máis vantaxosa para que presentase a documentación xustificativa establecida no artigo 16 do Prego de Cláusulas administrativas particulares que rexen o contrato, así como xustificación da constitución da garantía definitiva. Visto que con data en tempo e forma o candidato J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005) constituíu garantía definitiva por importe de 14.201,80 euros e presentou os documentos xustificativos en tempo e forma a través da plataforma de contratación.

En base a anteriormente exposto, ACORDO:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005), o contrato de obra de obra “CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTECARREIRA” por procedemento aberto simplificado, aprobado por Acordo Plenario de data 14/05/2021, por importe de 284.036,00 euros, correspondendo en concepto de IVA (21%) 59.647,56 euros, o que fai un total de 343.683,56 euros.

SEGUNDO. Fixar o prazo de execución en 150 días, dende a firma da acta de replanteo e designar como director de obra e responsable do contrato conforme co disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP a D. José Isidro López Yáñez. Fíxase un incremento de garantía de tres anos sobre o mínimo fixado.

TERCEIRO. Dispor do gasto por importe de 343.683,56 euros con cargo á partida 337.63200, do orzamento 2021.

CUARTO. Notificar, nos termos previstos no artigo 158 da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

QUINTO. Notificar a J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005), adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que se fará de maneira electrónica.

SEXTO. Publicar a formalización do contrato de no Perfil de contratante.

SÉPTIMO. Dar conta do presente decreto ao Pleno a efectos da súa ratificación.

O alcalde, Roberto Rey Martínez”

Polo exposto PROPOÑO ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar o texto da Resolución de alcaldía de data de 26/07/2021 ca adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO. Adxudicar á empresa J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005), o contrato de obra de obra “CENTRO SOCIOCOMUNITARIO DE PONTECARREIRA” por procedemento aberto simplificado, aprobado por Acordo Plenario de data 14/05/2021, por importe de 284.036,00 euros, correspondendo en concepto de IVA (21%) 59.647,56 euros, o que fai un total de 343.683,56 euros.

SEGUNDO. Fixar o prazo de execución en 150 días, dende a firma da acta de replanteo e designar como director de obra e responsable do contrato conforme co disposto nos artigos 237 a 246 da LCSP a D. José Isidro López Yáñez. Fíxase un incremento de garantía de tres anos sobre o mínimo fixado.

TERCEIRO. Dispor do gasto por importe de 343.683,56 euros con cargo á partida 337.63200, do orzamento 2021.

CUARTO. Notificar, nos termos previstos no artigo 158 da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación aos candidatos que non resultaron adxudicatarios.

QUINTO. Notificar a J. STOP OBRAS Y SERVICIOS, S.L. (B70123005), adxudicatario do contrato, o presente acordo e citarlle para a firma do contrato que se fará de maneira electrónica.

SEXTO. Publicar a formalización do contrato de no Perfil de contratante.

Segundo.- Certificar o presente acordo.”

O voceiro do grupo BNG insiste en que era máis necesario un centro de día.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Votacións:

Votos a favor: 7

7 PP

Votos en contra: 1

1 BNG

Abstencións: 2

2 PSOE

Resultado: Maioría

Estado Proposta: Aprobada

5.- ASUNTO: CONVENIO DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”. RATIFICACIÓN.

Vista proposta de Alcaldía que a continuación se transcribe:

“Considerando o texto da Resolución de alcaldía de data do 16/08/2021 que literalmente se transcribe:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: CONVENIO DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

Vista a Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

Visto o interese dos Concellos de Frades e Mesía para a xestión compartida “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

Visto o convenio de colaboración entre os concellos de Frades e Mesía para a tramitación conxunta do SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA, mediante o sistema de xestión compartida, o cal se reproduce literalmente:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

CONVENIO DE COLABORACIÓN ASOCIACIÓN PARA A XESTIÓN COMPARTIDA “IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

REUNIDOS:

Por unha parte, D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES (A Coruña), segundo o acordo do Pleno de data 15 de xuño de 2019.

Por outra parte, D. MARIANO IGLESIAS CASTRO, Alcalde-Presidente do Concello de MESÍA (A Coruña), segundo o acordo do Pleno de data .

Todos eles en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e do artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do “PUNTO LIMPO MÓVIL”, ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

No marco da normativa anterior os Concellos prestan servizos dedicados á protección do ambiente e do espazo natural.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Segundo.- O artigo 11 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXPAC), establece a posibilidade da realización de actividades de carácter material, técnico ou de servizos da competencia dun concello por encomenda a outros concellos cando existan razóns de eficacia ou cando non se posúan os medios técnicos idóneos para o seu desempeño.

Terceiro.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación . Nesa liña, unha xestión máis eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, é preciso minimizar custos e apostar por XESTIONAR DE FORMA COMPARTIDA nas actuacións públicas. A prestación dos servizos públicos, o seu fomento e a promoción das actividades esixe un elevado custo, tanto de instalación, adquisición coma de funcionamento e xestión que fai necesaria a colaboración entre distintas administracións locais, coa finalidade de poder prestar aos veciños unha actividade e un servizo que na actualidade se considera imprescindible como medio de mellora nas relacións cos mesmos.

Cuarto.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, sendo preciso neste momento realizar un exercicio de políticas públicas, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, minimizando custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Quinto.- Neste senso, é preciso optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Sexto.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril (LRBRL), como a Lei 5/1997, do 22 de xullo (LALGA) e a Lei 40/2015, do 1 de outubro, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

O Art. 47.2.a da Lei 40/2015, de 1 outubro, establece que son convenios interadministrativos os asinados entre dous ou máis Administracións Públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos doutra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O Art. 48.3 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, establece que a suscripción de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír á realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

Sétimo.- Por todo o anterior, a xestión compartida de servizos configúranse como única solución para prestación do “PUNTO LIMPO MÓVIL”, mediante o presente convenio segundo as seguintes

CLÁUSULAS:

Primeira.- Créase unha agrupación entre o Concello de FRADES e o Concello de MESÍA para colaborar na xestión compartida do “SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL”, ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

Segunda.- O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto será o municipio de Frades e o municipio de Mesía

Terceira.- O presente convenio baséase no principio xeral de colaboración interadministrativa, en aras dunha mellor coordinación e eficacia administrativa, que se concreta en:

- *Prestar de forma eficaz e eficiente este servizo público.*
- *Minorar os custos económico da súa prestación illada.*
- *Valorizar os recursos dispoñibles.*

Cuarta.- O Concello de Frades o Concello de Mesía aceptan as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

A xestión do proxecto será realizada polo Concello de FRADES (concello representante), que será a entidade promotora, e incluírá todo o relacionado coa xestión do proxecto, aspectos materiais, técnicos ou de servizo (sexa tramitación administrativa, instalación, reparación e mantemento de infraestruturas, xestión de persoal, xestión de axudas, ..etc., excepto a tramitación das autorizacións administrativas que sexan esixibles atendendo á natureza xurídica e ao réxime de protección dos bens sobre os que se pretende actuar con ocasión do desenvolvemento do proxecto que se realizará de forma individual por cada un dos concellos que integra a agrupación), incluída a posibilidade de contratación de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co art.

Este convenio comprende tamén a posibilidade de contratación por parte do concello de representante, na forma en que se sinala, de todas as actividades ou prestacións necesarias para o funcionamento e xestión do servizo compartido, actuando como órgano de contratación de acordo co art. 116.5 da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP).

Quinta.- Esta encomenda non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade do Concello encomendante ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da encomenda.

Sexta.- Nomear a D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES, representante con poder suficiente para cumprir con todas as obrigas que como beneficiario corresponde á agrupación para a xestión compartida entre o Concello de Frades e o Concello de Mesía.

D. ROBERTO REY MARTÍNEZ, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES actuará como coordinador, interlocutor, preceptor e xustificador da axuda solicitada .

O Concello de FRADES comprométense solidariamente co Concello de MESÍA á execución e aplicación solidaria da subvención solicitada.

Sétima.- Os concellos comprométense a garantir un financiamento suficiente e estable para unha eficaz e eficiente prestación do proxecto asociado.

A subvención solicitada á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda ao abeiro da Orde de 1/07/2021 para os Concellos de Frades e Mesía ascende a 69.127,30 euros segundo o recollido no seguinte cadro:

ACTUACIÓNS ELEXIBLES:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Capítulo único	Unidades	Precio unitario (€)	Precio total (€)
P01	<i>Camión con 150CV e MMA 3.500kg, roda baixa, caixa basculante e con laterais abatibles, con grúa de 1.500kg con apoios anclada ó camión, con ABS e aire acondicionado.</i>		
<i>Inclue os contedores serigrafiados e pintados con ganchos para a súa manipulación indicados no apartado N°7.1.</i>			
	1	53.000,00	53.000,00
P02	<i>Campaña de información consistente no disposto no apartado N°8 de esta memoria</i>		
	1	4.130,00	4.130,00
TOTAL CAPÍTULO		57.130,00	
TOTAL COSTE DE EXECUCIÓN ELEXIBLE			57.130,00
I.V.E. (21%)		11.997,30	
TOTAL COSTE DE EXECUCIÓN POR CONTRATA			69.127,30

As actuacións que vai a levar a cabo o Servizo de implantación dun punto limpo móvil estará enfocada nas liñas básicas de actuación que se relacionan no apartado 6º da Memoria Xustificativa.

Para desenvolver as labores de protección do medio ambiente a presente actuación ten por obxecto a mellora do servizo de recollida de residuos dos Concellos de Frades e Mesía. Consiste na habilitación de un vehículo de chasis debidamente carrozado que sirva como soporte dun punto limpo que poderá ser estacionado en diversos puntos dos municipios, con un calendario prefixado, facilitando a deposición de residuos concretos para a súa recuperación coas características sinaladas na Memoria explicativa.

O importe e porcentaxes de participación son os que se recollen no seguinte cadro:

ACTUACIONES ELEXIBLES:

Subpartidas P01	Porcentaxe de responsabilidade na inversión	Importe	de
responsabilidade na inversión	Importe da subvención solicitada	Importe	da
aportación municipal			

Participación económica do Concello de Frades na adquisición do camión.	50%	
32.065,00	32.065,00	0,00



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Participación económica do Concello de Mesía na adquisición do camión. 50%
32.065,00 32.065,00 0,00

*Subpartidas P02 Porcentaxe de responsabilidade na inversión Importe de
responsabilidade na inversión Importe da subvención solicitada Importe da
aportación municipal*

Campaña de información no Concello de

Frades 50% 2.498,65 2.498,65 0,00

Campaña de información no Concello de

Mesía 50% 2.498,65 2.498,65 0,00

TOTAL 69.127,30 69.127,30 0,00

Calquera outro gasto non incluído no importe subvencionado derivado do funcionamento do SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DUN PUNTO LIMPO MÓVIL será sufragado a partes iguais por cada un dos concellos.

Oitava.- O presente convenio terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

Non se disolverá a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Novena.- As partes asinantes, poderán solicitar a modificación do presente convenio no seo da comisión de seguimento establecida na cláusula seguinte. De acordarse a modificación, esta formalizarase a través dun novo instrumento que será asinado polas partes convenientes.

O incumprimento das cláusulas do presente convenio, en particular as obrigas das partes asinantes establecidas na cláusula quinta deste dará lugar será causa da súa resolución .

Décima.- A vixilancia e seguimento da aplicación do convenio encoméndase a unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

Esta comisión terá como funcións: a coordinación, avaliación e seguimento das actuacións estipuladas no presente convenio, así como a resolución das dúbidas e discrepancias que poidan xurdir na interpretación e aplicación do convenio



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686.- FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Décimo primeira.- No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á Orde de convocatoria das subvencións, así como os principios da Lei 9/2017, de 8 de novembro (LCSP), para a resolución das dúbidas ou lagoas que puideran presentarse

Décimo segunda.- O presente convenio terá carácter administrativo quedando excluído da aplicación da normativa reguladora dos contratos do sector público (art. 6.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro), debendo aplicarse

En proba de conformidade asínase polas partes comparecentes, na data da sinatura dixital.

O Alcalde do Concello de Mesía

Mariano Iglesias Castro

O Alcalde do Concello de Frades

Roberto Rey Martínez (...)

Tendo en conta as competencias atribuídas ao alcalde no Artigo 21.1.s da lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar a constitución da agrupación entre os concellos de FRADES MESÍA para colaborar na xestión compartida do “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de FRADES e de MESÍA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de concesión da subvención e no texto do convenio.

Cuarto.- Aceptar a delegación no concello de Frades das facultades para a tramitación administrativa do expediente e nomear a don a D. Roberto Rey Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Quinto.- Ratificar a presente resolución polo Pleno da Corporación Municipal

Sexto.- Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL

Frades, (na data da sinatura electrónica deste documento)

O alcalde, Roberto Rey Martínez”

Polo exposto PROPOÑO ao concello en Pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Ratificar o texto da Resolución de alcaldía de data de 16/08/2021 ca adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Aprobar a constitución da agrupación entre os concellos de FRADES MESÍA para colaborar na xestión compartida do “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA ao abeiro da Orde do 1 de xullo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de axudas a entidades locais de Galicia para a financiación de actuacións en materia de residuos de competencia municipal, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional con cargo ó programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede a súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para o ano 2021 (DOG nº 133 do 14 de xullo de 2021)

Segundo.- Aprobar o convenio de colaboración entre os concellos de FRADES e de MESÍA PARA A XESTIÓN COMPARTIDA DO “SERVIZO DE IMPLANTACIÓN DO SERVIZO DE PUNTO LIMPO MÓVIL FRADES-MESÍA”

Terceiro.- Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na resolución de concesión da subvención e no texto do convenio.

Cuarto.- Aceptar a delegación no concello de Frades das facultades para a tramitación administrativa do expediente e nomear a don a D. Roberto Rey Martínez, Alcalde-Presidente do Concello de FRADES, como representante con poder suficiente para cumprir os deberes que como entidade beneficiaria corresponden á agrupación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificador da axuda.

Segundo.- Certificar o presente acordo.”

O Alcalde explica a utilidade do punto limpo móvil e que se pide xunto co Concello de Mesía para ter máis posibilidades de cara a obter a subvención que financia a adquisición, deste xeito o punto limpo móvil será compartido polos dous Concellos.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

Votacións:

Votos a favor: 10

7 PP

1 BNG

2 PSOE

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

6.- ASUNTO: MOCIÓNS.

6.1) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO SOCIALISTA SOBRE A REFORMULACIÓN DA ATENCIÓN PRIMARIA DO SISTEMA SANITARIO PÚBLICO GALEGO, PARA O SEU DEBATE E POSTERIOR APROBACIÓN POLO PLENO DO CONCELLO DE FRADES

Procédese polo voceiro do grupo do PSOE a lectura da seguinte moción:

“A atención primaria do sistema sanitario de Galicia está sendo obxecto de debate e discusión por parte de todosos axentes implicados no deseño e implementación das políticas sanitarias, incluídos por suposto os propios profesionais que traballan no sistema. Esta situación viña sendo central no debate da política sanitaria antes da pandemia, problema que os/as profesionais do sistema sanitario afrontaron con tremenda profesionalidade e capacidade de resolución, sen que iso servira para que as ineficiencias na xestión da primaria fosen afrontados con un novo impulso por parte do goberno de Galicia.

Dende hai tempo existen numerosas reivindicacións e queixas sobre a saturación do sistema, froito dunha ineficiente xestión en termos, especialmente, de recursos materiais e humanos froito das políticas de recortes executadas polo Partido Popular dende a Xunta de Galicia e, no seu momento, dende o Goberno de España.

As políticas de recortes dos últimos anos levaron, ademais, a que Galicia afronte a situación cun problema de persoal grave no sistema sanitario público. Esta é a terceira peor CCAA de España en ratio de médicos/as por habitante (aproximadamente 450 por cada 100.000 habitantes coa media Española en torno a 480, segundo o informe do Consello Xeral de Colexios Médicos de España), e tamén a terceira CCAA con peor ratio



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

de enfermeiros/as por paciente con 5,4 por cada 1000 (a media española está no 5,9 e a europea cerca do 8). Temos a peor ratio de profesionais por paciente tamén en áreas como saúde mental, e estamos por debaixo da media estatal en matronas por habitante. En pediatría, Galicia non chega ao 90% de prazas de atención primaria cubertas por pediatras, mentres comunidades en situacións parecidas, como Asturias, supera o 98% (como indican os recentes informes da Asociación Española de Pediatría).

A pesar diso, na última década Galicia deixou de formar a 150 médicos de familia e comunitarios, dos que puideron ser solicitadas prazas MIR e non se fixo perdendo a oportunidade de xerar maior bolsa de profesionais para nutrir ao sistema. Nos últimos dous anos déronse, sucesivamente, as maiores convocatorias históricas de prazas MIR para todo o Estado e, tamén, para Grupo Municipal Socialista de Frades

Galicia. Esta convocatoria histórica tamén o foi en termos numéricos para medicina familiar e comunitaria e para a pediatría en atención primaria.

A Xunta de Galicia, tras unha etapa de negación da situación e rexeitamento de toda proposta de diálogo e acordos, tanto no eido parlamentario como nas distintas mesas de negociación con sindicatos ou colectivos profesionais, tivo a ben iniciar un proceso de reformulación da atención primaria, coa apertura de grupos de traballo en distintas comisións. Non entanto, a concatenación de problemas levou á Consellería a iniciar as reformulacións do modelo de atención primaria que se concretaron a partir deses grupos á vez que, de maneira paralela, encargaba a un grupo de expertos en xestión sanitaria un outro informe de avaliación. Establecéndose dous procesos de maneira simultánea, aínda que por vías distintas, a publicación do informe de resultados do segundo dos grupos tivo lugar cando as supostas medidas do primeiro deles estaban xa executándose, segundo afirmou constantemente a propia Consellería.

A pesares desta confusión provocada polo descontrol na planificación, que resultou nun proceso enlentecido e confuso, os informes publicados poden servir de utilidade para referenciar ideas para a mellora da atención primaria de Galicia. A análise titulada Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde permite concluír un correctivo severo sobre as políticas desenvolvidas polo Goberno de Galicia nos últimos anos. Os expertos en xestión sanitaria que realizan o informe apuntan a numerosos problemas, que poden ser agrupados en grandes temas. A partir destas conclusións, apúntanse notorias deficiencias no sistema, das que se poden destacar:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

· *Xestión de persoal: área na que se apunta a un problema de saturación de consultas, necesidade de máis profesionais e da convocatoria anual de prazas, mellora das condicións laborais ou dotar de calidade á contratación eventual.*

· *Coordinación de tarefas e aproveitamento dos profesionais: área na que se plantexa a clarificación de funcións dos profesionais, hoxe confusas, incorporando máis profesionais que permitan diversificar e especificar tarefas, ademaisde permitir que cada tipo de profesional poida aportar ata o límite superior da súa capacidade e formación.*

· *Planificación da estrutura de funcionamento: que apunta a unha descentralización e autonomía de xestión nos servizos de atención primaria, que necesitan estar incorporados nas estruturas directivas ao máximonivel e non controlados de maneira tan rixida polas xerencias das EOXIs, que se sitúan excesivamente lonxe do contacto real co plano asistencial de primaria. Grupo Municipal Socialista de Frades*

· *Implementación de formación e investigación: temática na que se demanda unha maior formación edotación de recursos para a investigación de aplicación directa ao plano asistencial e á saúde comunitaria.*

Estas conclusións, en resume do conxunto da avaliación realizada, apunta ás eivas do sistema derivadas dunha política negacionista da realidade que se ven dando nos últimos anos por parte da Consellería de Sanidade, que negouse sistematicamente a afrontar estas realidades que viñan sendo apuntadas por distintos colectivos profesionais, sindicatos, asociacións de pacientes e grupos políticos. Un grannúmero de propostas alineadas con estas conclusións emitidas viñeron sendo sometidas a debate e votación parlamentaria nos últimos anos, recibindo sempre o rexeitamento e negación por parte do Partido Popular e o Goberno da Xunta de Galicia.

Polo exposto, sometemos a consideración do Pleno as seguintes propostas:

O Concello de Frades insta á Xunta de Galicia a iniciar antes do fin de 2021 unha real e decidida reformulación de atención primaria que se fundamente nas seguintes liñas estratéxicas:

1. Persoal:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

· Coa incorporación ao sistema de atención primaria progresivamente a un maior número de profesionais de especialidades a maiores do eixo médico/a –enfermeiro/a, incluíndo o estudo da posibilidade de incorporar aquelas especialidades que agora non forman parte.

· Coa mellora das condicións de eventualidade para o conxunto de profesionais do SERGAS que son contratados de maneira discontinua, procurando estabilizar ao maior número posible e mellorando a oferta de contratos eventuais dotándoos de maior estabilidade.

2. Estructura de xestión:

· Implementar unha xerencia de atención primaria en cada EOXI, dotándoa de recursos e autonomía de xestión e funcionamento.

3. Coordinación de servizos:

· Fomentando a ampliación de funcións e capacitacións dos profesionais, de maneira simultánea á incorporación de novas categorías que permitan especializar máis e profundarmáis no que pode aportar cada unha delas. Grupo Municipal Socialista de Frades

· Promovendo a conexión entre os servizos de saúde mental e a atención primaria, coa distribución de zonas de referencia para cada equipo de saúde mental, posibilitando a existencia de primeiras consultas dun profesional deste equipo de referencia nos propios centros de saúde, a petición directa dos equipos de atención primaria e coa maior rapidez posible, cos medios humanos e materiais axeitados.

· Ampliando a posibilidade de solicitude de probas diagnósticas por parte dos facultativos/as de atención primaria.”

O voceiro do BNG mostra a súa conformidade coa mesma.

O Concelleiro do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa procede a dar resposta a moción presentada segundo se transcribe a continuación:

“Dispoñemos dunha atención primaria excelente, accesible e resolutive, dotada de profesionais competentes, non exenta de dificultades, como as tensións derivadas da

1º) ausencia de persoal substituto e



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

2º) *viraxe socio demográfica cara á cronicidade e á pluripatoloxía, propias do envellecemento, que fan necesaria unha evolución do modelo exitoso do que temos desfrutado ata agora.*

A Consellería de Sanidade leva tempo traballando no ámbito da Atención Primaria e aplicando medidas para mellorar este ámbito asistencial. Mantense un compromiso e unha aposta firme pola Atención Primaria e entre os feitos que o corroboran están:

-Galicia conta con 469 centros de saúde e 90 puntos de atención continuada (PAC), e para continuar mellorando a atención sanitaria dos cidadáns e as condicións e medios de traballo para os profesionais, estanse a construír ou licitar novas infraestruturas, e facendo melloras nas existentes.

-Dende o ano 2009, a Xunta de Galicia construíu ou reformou máis de 80 centros de saúde e ten actualmente obras en marcha nas catro provincias, o que supuxo actuar sobre case 90.000 metros cadrados. En total, a Administración autonómica investiu, nestes 12 anos, máis de 116 millóns de euros en infraestruturas sanitarias de atención primaria.

-Ademais conta con instrumentos, como as novas tecnoloxías, que nos permiten acercarnos máis ao cidadán, e prestar servizos de maneira máis accesible. A plataforma TELEA facilita o seguimento das persoas con enfermidades crónicas, a través do Conecta 72 realizamos o seguimento das persoas dadas de alta nos hospitais, e a consulta telefónica proporciona unha accesibilidade óptima para solucionar algunhas cuestións sen que as persoas teñan que desprazarse.

-No ano 2019, investíronse 8.591.000 € para renovar e/ou dotar aos Centros de Saúde de Equipamento Sanitario, Electromédico, Mobiliario Clínico, e Mobiliario Xeral.

-Creación de 331 novas prazas tanto de medicina familiar e comunitaria coma de enfermería familiar e comunitaria e enfermería pediátrica, traballo social, farmacia, fisioterapia, etc que se recollen no Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021

Todas as 45 prazas comprometidas en 2019 foron cubertas no 100%: 12 prazas de médicos/as de familia (MF), 25 de enfermería familiar e comunitaria, e 8 de fisioterapia.

No 2020 o compromiso foi a creación de 102 prazas (29 MF, 10 de Pediatría, 2 de farmacia de AP, 38 de enfermería de familia, 11 de fisioterapia, 7 de matró/a e 5 de Traballo Social). Destas 102 prazas foron cubertas 80. Non se puideron cubrir 7 de MF, 6 de pediatría, 2 de enfermería familiar e comunitaria por non haber profesionais



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

dispoñibles. E tamén quedaron pendentes de cubrir 3 de matró/a e 1 de traballo social. Por tanto, a porcentaxe de cobertura foi do 80%.

En 2021 creáronse outras 161 prazas previstas no Plan.

-Aprobación do contrato de continuidade: o 15 de xaneiro de 2019, a mesa sectorial, aprobou, co apoio das organizacións sindicais CESM -O MEGA, UGT, CSIF e SATSE o nomeamento estatutario eventual de continuidade no ámbito do Servizo Galego de Saúde, que permite ofertar contratos de ata tres anos de duración cunha retribución de 60.000 € anuais para o persoal médico.

-Mais formación. A falta de profesionais indica que temos que formar máis. Por iso temos máis prazas MIR e EIR que nunca para formación de especialistas e as centramos en especialidades deficitarias como a medicina de primaria. O SERGAS está cubrindo o 100% das 142 prazas de formación para medicina de primaria que autoriza o Ministerio para Galicia. O bipartito cubría menos do 75%.

-Desde 2012, o SERGAS está convocando anualmente ofertas públicas de emprego que esgotan os límites das taxas de reposición que impón o Goberno de España. E seguiremos a traballar para poder contar con mais profesionais polo que para que sexa posible temos que,

Continuar reiterando ao Goberno do Estado a necesidade de acreditación de mais unidades formativas e, tal e como se ten aprobado no ditame da Comisión de Reactivación do Parlamento de Galicia, a convocatoria de prazas extraordinarias de MIR destinadas a cubrir a carencia de especialistas en medicina de primaria, unha reclamación de moitas comunidades autónomas que o Ministerio ignora.

Seguir solicitando a eliminación dos límites da taxa de reposición de efectivos, tamén reiteradamente solicitada a través de distintas iniciativas parlamentarias no Parlamento galego, e que permitiría ofertar moitas mais prazas nas próximas convocatorias anuais de ofertas públicas de emprego.

Atención Primaria. Reformas.

En 2019, a Xunta decidiu emprender un proceso de análise e reforma do modelo de atención primaria. Era un modelo que tiña funcionado moi ben durante moitos anos pero que precisaba a adaptarse a unha nova realidade cun circunstancias moi distintas:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

-
- No demográfico, cun envellecemento da poboación
 - No clínico, cun aumento das pluripatoloxías e da cronicidade
 - E no dos recursos humanos, cunha escaseza de persoal especialista, particularmente no campo da medicina de familia

Por iso, a Xunta tomou tres iniciativas:

- Aprobar un Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021 con 200 medidas a curto e medio prazo, cunha dotación de 102 millóns e que levou aparellada a creación de 331 prazas de novos profesionais.
- Encargar a un grupo de expertos un documento estratéxico con obxectivos de transformación a longo prazo, titulado “Por unha atención primaria vertebradora do sistema de saúde”
- E crear un órgano participativo, un Consello Técnico de Atención Primaria, na que estivesen representados todas as categorías e todas as organizacións implicadas neste nivel asistencial para avanzar nos detalles que nos poidan conducir ao escenario formulado por ese documento estratéxico.

Estas tres iniciativas tiveron unha interrupción chamada covid-19 pero están xa reactivadas:

- O 97,50% das accións a curto prazo do Plan de Atención Primaria están xa rematadas e respecto ás accións a medio prazo, máis do 90% están, ou nen xa rematadas ou ben en pleno proceso de implantación.
- Creouse o pasado ano unha Dirección Xeral de Planificación e Reforma Sanitaria tendo como un dos seus principais cometidos a implantación do documento estratéxico da atención primaria vertebradora e nomeouse para ocupar esa Dirección Xeral precisamente a unha das redactoras do texto.
- E reactivamos a actividade do Consello Técnico de Atención Primaria, creado no marco do Plan, que agora se reúne de xeito periódico, de feito son xa seis xuntanzas neste último ano. Nas últimas, na de xullo e na de agosto, aprobáronse as conclusións das súas comisións técnicas que inclúen unha proposta de carteira de servizos para cada categoría profesional que exerce en primaria e definiu os pasos para concretar no mes setembro as reformas previstas nelas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Conña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

E grazas a todo isto, a Xunta ten emprendido varias reformas de calado:

- A implantación das chamadas ‘axendas de calidade’ para o persoal de medicina de familia, un modelo de axenda que permita establecer uns criterios mínimos para a súa organización unificada no Sergas. pero tamén dando flexibilidade aos centros para organizarse tendo en conta o tamaño das cotas, as características sociodemográficas, etarias e a cronicidade.

Ademais de mellorar progresivamente a accesibilidade, estas novas axendas axudarán aos profesionais a xestionar mellor o tempo dispoñible e fomentarán o traballo coordinador do equipo, para proporcionar unha adecuada continuidade asistencial.

Por outra banda, estas novas axendas tamén axudarán a equilibrar a presencialidade, no centro de saúde mantendo a seguridade e sen perder a vantaxe da consulta telefónica, modalidade que sempre será seleccionada a criterio do profesional.

En setembro rematarán de implantarse este novo modelo de axendas no persoal de medicina de primaria e levarase ao Consello Técnico a proposta para a axenda de calidade do persoal de enfermería de primaria, coa intención de continuar coa definición dos criterios de calidade das axendas de traballo do resto de categorías de Atención Primaria, como odontoloxía, matronas, hixienistas dentais, farmacia, etc.

- O desenvolvemento dos ‘plans locais de saúde’, desde a visión de que o centro de saúde debe ter nun concello un papel protagonista como axente que lidere proxectos de intervención comunitaria que definan melloras de saúde en toda a poboación, potenciando programas de hábitos de vida saudable e de prevención da enfermidade. Neste sentido no mes de outubro vanse impartir cursos de habilidades directivas para os xefes de servizo e coordinadores, no marco do obxectivo global de acadar unha maior autonomía dos centros de saúde.

A última reforma da Lei de Saúde de Galicia, efectuada en 2021, xa deu un mandato legal de que os equipos directivos dos centros de saúde “elaborarán plans locais de saúde que definan prioridades na mellora da saúde comunitaria”.

A Xunta elaborou xa un documento de ‘bases metodolóxicas’, como guía para a elaboración destes plans e a dirección do SERGAS está a traballar xa con equipos directivos de centros de saúde das sete áreas sanitaria para elaborar os primeiros plans piloto que sirvan como exemplo.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

O 15 de decembro foi a data fixada no Consello Técnico para ter rematadas as liñas principais dos primeiros plans locais de saúde, que se implantarán polo momento en 14 centros de saúde de toda Galicia, para ensaiar fórmulas de xestión adaptadas ás características de cada servizo, desenvolvendo ao máximo as potencialidades e roles de categorías como enfermería, farmacia ou persoal de xestión e servizos, e deseñando os plans de funcionamento e sistemas de cobertura de ausencias de cada centro.

Pero, como queremos xeneralizar este modelo, establecemos que o proxecto de plan local de saúde sexa un criterio de selección para os postos de xefatura e coordinación dos servizos de atención primaria. O DOG do pasado 24 de xuño xa publicou un acordo de provisión de postos de xefatura e coordinación no ámbito da atención primaria que contempla a provisión simultánea ou vinculada de postos de xefatura e coordinación, de tal forma que, entre os elementos para valorar a idoneidade das persoas candidatas, outorguen relevancia aos proxectos de xestión consensuados e coordinados.

Atención Primaria. Cupos.

Galicia ten mellorado en relación ao cupo medio de pacientes por profesional en activo, sobre todo se temos en conta o documento Marco Estratégico para la atención Primaria y Comunitaria aprobado en 2019 polo Goberno socialista

(https://www.mscbs.gob.es/profesionales/proyectosActividades/docs/Marco_Estrategico_A_PS_25Abril_2019.pdf) que fixaba o obxectivo para 2022 de contar con cupos de 1.500 en adultos e de 1.000 en pacientes pediátricas, obxectivo no que Galicia leva moi avanzado o seu cumprimento.

“En ese horizonte temporal de 2022, se establecerá el cupo máximo en 1500 personas asignadas de edad adulta y de 1000 personas en edad pediátrica, con un margen máximo del 10%, todo ello dejando a criterio del titular del cupo la posibilidad de superar el margen máximo a dicho límite”

Cupo de pacientes por profesional:

	Medicina de familia	Pediatría	Enfermería
ANO 2008	1.331	969	1.570
ANO 2021	1.247	804	1.434



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

Actualmente en Galicia os cupos dos médicos de familia xa están ben por debaixo das 1.500 tarxetas, que era o obxectivo do Goberno central para o ano próximo.

Atención Primaria. Presencialidade.

Hai que precisar que a atención presencial mantívose sempre, en todos os centros de atención primaria, pero, con motivo da pandemia, introduciuse unha valoración, a través dunha chamada telefónica, da necesidade da consulta presencial. Unha medida razoable e de prudencia que non foi exclusiva de Galicia senón común nas comunidades autónomas. Esta cita telefónica previa permite detectar as persoas con sintomatoloxía compatible con infección por Covid19, e facilita a detección precoz, e diminúe o risco de transmisión secundaria.

No momento actual estamos saíndo dunha onda da pandemia, e polo tanto segue a ser necesario que as persoas con sintomatoloxía compatible con COVID-19 deixen de circular, e unicamente acudan aos centros sanitarios para atención presencial só cando sexa necesario, garantindo sempre as condicións de seguridade para pacientes e profesionais.

E hai unha segunda circunstancia que afecta á presencialidade, que é a labor extraordinaria que os profesionais de primaria están a realizar na detección de persoas sintomáticas, na petición de probas PCR, no seguimento domiciliario das persoas infectadas e no control das residencias de maiores e persoas con discapacidade.

En resumo, as consecuencias da pandemia, tanto na necesidade de reducir no posible o contacto físico como nestas novas tarefas que están a desenvolver os profesionais son o motivo deses cambios na prestación sanitaria que experimentaron os pacientes nestes últimos meses.

Estamos nun momento de transición no que a atención telefónica debe deixar de ser esa “inmensa maioría” da prestación sanitaria e camiñar cara un carácter máis complementario, aínda que manteña con toda seguridade un protagonismo maior que antes da pandemia.

Nese sentido, a Xunta definiu nun documento os Criterios de calidade das axendas de medicina de familia de atención primaria para mellorar a súa xestión, establecendo os criterios mínimos para a súa organización unificada no SERGAS. Estas axendas tipo, que completarán a súa implantación neste mes de setembro, tamén dan flexibilidade aos



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

centros para organizarse tendo en conta o tamaño das cotas, as características sociodemográficas, etarias e a cronicidade.

Ademais de mellorar progresivamente a accesibilidade, estas novas axendas axudarán aos profesionais a xestionar mellor o tempo dispoñible e fomentarán o traballo coordinador do equipo, para proporcionar unha adecuada continuidade asistencial.

Por outra banda, estas novas axendas tamén axudarán a equilibrar a presencialidade, no centro de saúde mantendo a seguridade e sen perder a vantaxe da consulta telefónica, modalidade que sempre será seleccionada a criterio do profesional.

Segundo datos que ofreceu a Xunta no Parlamento en xullo, a presencialidade incrementárase 12 puntos a nivel de Galicia desde maio, seguindo a súa tendencia crecente que se aproxima ao 40%, e que xa acada o 48% nalgún área sanitaria. A medida que a cobertura destas axendas de calidade avance, o impacto na demora para acceder a unha primeira cita de medicina de familia mellorará, tal e como se observa en áreas nas que a implantación está máis avanzada, como Lugo e Ourense.

O obxectivo que o SERGAS incluíu nos acordos de xestión das áreas sanitarias foi o de chegar a un 60% de presencialidade a finais de 2021.

Hai que precisar que Galicia conta cos suficientes medios para que o acceso telefónico sexa resolutivo e, nunha boa parte dos casos, permita prestar ao paciente a asistencia necesaria evitando o seu desprazamento e con elo, evitándolle incomodidades e riscos.

Por iso, nos casos que sexa clinicamente indicado, a Xunta considera positivo a potenciación da consulta telefónica e a atención proactiva a domicilio. Para iso dotouse aos centros de medios de transporte, de forma que os profesionais sanitarios atendan sen demora no seu domicilio ás persoas que o precisen, sempre que teñan dificultades para desprazarse por motivos clínicos.

Para o seguimento dos pacientes crónicos tamén contamos coa plataforma TELEA, que permite a monitorización e o seguimento no domicilio de determinadas patoloxías, e con outras ferramentas como a historia clínica electrónica ou as e-consultas, que poden incorporar imaxes, e utilizarse para facer consultas de diferentes especialidades sen que o paciente teña que desprazase.

Tamén contamos coa hospitalización a domicilio, coa Fundación Pública de Urgencias e Emerxencias Sanitarias 061 con todos os servizos que presta, e os Puntos de Atención Continuada (PAC). Todos forman parte dunha rede ampla para garantir a atención



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

sanitaria durante as 24 horas do día e os 365 días do ano en toda a Comunidade Autónoma de Galicia.

Áreas e distritos.

Por outra parte, a Lei 1/2018, de 2 de abril pola que se modifica a Lei 8/2008, de 10 de xullo, de saúde de Galicia establece que o Sistema Público de Saúde de Galicia ordénase territorialmente en áreas sanitarias, distritos sanitarios e zonas sanitarias.

As áreas sanitarias correpondelles a xestión integrada de todos os recursos sanitarios asistenciais públicos existentes no seu ámbito territorial, así como as prestacións e programas que se desenvolvan. Os distritos sanitarios, que coinciden cos ámbitos xeográficos dos hospitais do Sergas, son as divisións territoriais das áreas sanitarias e constitúen o marco de referencia de coordinación dos dispositivos de atención primaria, hospitalaria e sociosanitaria. Polo tanto, unha norma con rango de lei garante e existencia e permanencia dun hospital no seu ámbito xeográfico.

Pola súa parte, o Decreto polo que se regulan as Áreas Sanitarias e os Distritos Sanitarios do Sistema Público de Saúde de Galicia reflicte unha nova organización funcional coordinada entre a asistencia primaria e a hospitalaria, para atender con eficacia ás persoas usuarias da sanidade pública, baixo os principios de optimización de recursos, a eficacia na xestión e a consecución da máxima coordinación.

Nesta nova organización, a atención primaria desempeña un papel clave. Con este decreto, cada unha das áreas sanitarias contará cunha Dirección de Atención Primaria propia, co fin de visualizar, poñer en valor e potenciar este primeiro nivel asistencial. Estará diferenciada da Dirección de Atención Hospitalaria, pero sen perder a integración entre ambas e garantindo a continuidade asistencial, situándose as dúas ao mesmo nivel.

Entre as funcións da Dirección de Atención Primaria está a xestión da demanda de servizos sanitarios en primaria, garantindo o desenvolvemento das actuacións de promoción da saúde e prevención da enfermidade. Ademais fomentará a capacidade de resolución da primaria na respectiva área sanitaria, en coordinación cos xefes do servizo das unidades deste nivel asistencial.

O decreto recolle tamén a creación dunha Comisión de Atención Primaria en cada área sanitaria. As súas funcións serán:

-estudar o plan estratéxico, os obxectivos, así como, os plans económicos, de equipamento e de recursos humanos no ámbito da atención primaria.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

-propoñer e detectar as oportunidades de mellora na práctica asistencial e promover as mellores actuacións para a seguridade de pacientes e profesionais.

Con este decreto cobra importancia a relevancia do papel dos xefes de servizo das distintos centros de saúde da área sanitaria, que formarán parte destas Comisións de atención primaria que terá cada área sanitaria.

O decreto tamén outorga un valor engadido á participación cidadá, que ve como aumenta á súa presenza con catro vogais que serán representantes dos concellos da área sanitaria dentro do Consello de dirección de cada área elixidos a proposta da Federación Galega de Municipios e Provincias.

Tamén se consolida o Consello Asesor de Pacientes de Área, que xa están funcionando nas 7 áreas sanitarias recollendo as demandas das asociacións de pacientes máis representativas de cada unha delas.

Orzamento 2021 en Atención Primaria

Respecto á atención primaria:

- A atención primaria representa un 31,2% de todo o gasto sanitario que fai a Xunta de Galicia.*
- Practicamente 100 millóns máis en primaria que o ano pasado (96.564.507 €).*
- O capítulo I (Gastos de persoal) medra máis en atención primaria que en hospitalaria. Incremento do 11% fronte ao 8%.*
- O capítulo VI (Investimentos) de primaria duplícase respecto ao pasado ano. Chega aos 54 millóns de euros.*

Nunca na historia de Galicia se contara cun orzamento con este nivel de investimento en atención primaria.

Xa os orzamentos do ano pasado (2020) eran récord en atención primaria, medrando un 3,7% respecto ao ano anterior. E este ano a atención primaria medra un 7,5% sobre eses orzamentos récord.

Se comparamos a dotación para 2021 do programa de atención primaria coa que tiña nos últimos orzamentos do bipartito, a Xunta gasta hoxe:



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

- 94 millóns máis en capítulo I
- 4,5 millóns máis no capítulo II (bens correntes e servizos).
- 35 millóns máis no capítulo VI

Onde baixan?

Gastamos 134 millóns de euros menos ao ano en receita farmacéutica. Por certo, en boa medida grazas a unha política de impulso dos xenéricos que un Goberno socialista levou ante os tribunais (e perdeu) defendendo non se sabe moi ben que intereses.

Recurso:

<https://www.laopinioncoruna.es/sociedad/2011/02/05/gobierno-recurre-catalogo-autonomico-medicamentos-25158139.html>

Desestimación:

<https://www.abc.es/local-galicia/20150204/abci-constitucional-catalogo-medicamentos-galicia-201502040924.html>

E temos 45 millóns menos no fondo de continxencia do que tiña o bipartito.”

Votacións:

Votos a favor: 3

1 BNG

2 PSOE

Votos en contra: 0.

Abstencións: 7

7 PP

Resultado: Maioría.

Estado Proposta: Aprobada



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.diaoruna.es

6.2) MOCIÓN QUE PRESENTA O GRUPO POPULAR PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A FACILITAR A COBERTURA DE PERSOAL MÉDICO NA ATENCIÓN PRIMARIA.

Procédese polo Concelleiro do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa, a lectura da seguinte moción:

“O Grupo Municipal Popular no concello de Frades con arreglo ao disposto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais desexa elevar ao Pleno Municipal/Provincial a seguinte Proposta de MOCIÓN:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No ano 2017, o ‘Estudo sobre Demografía Médica’ elaborado pola Organización Médica Colexial e o Consello Xeral de Colexios Oficiais de Medicina arroxaba unhas conclusións contundentes:

- *“Se está formando una bolsa de médicos sin especialidad que no pueden trabajar en el SNS y que, a pesar de superar la nota de corte del MIR, se quedan fuera”.*
- *“De continuar este desajuste, miles de médicos se quedarán cada año sin poder acceder a una plaza de formación sanitaria especializada (imprescindible para trabajar en el Sistema Nacional de Salud) y tras acabar la carrera se verán abocados al sector privado, el paro o la emigración”*
- *“Por otro lado, en los próximos años se producirán un importante número de jubilaciones que necesitarán ser cubiertas por nuevos especialistas”*

Froito de advertencias como estas, reiteradas por parte de organizacións profesionais e xestores sanitarios, o Goberno de Mariano Rajoy creou un grupo de traballo sobre déficit de profesionais cuxas conclusións se expuxeron ao Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde a comezos do 2018.

Como resultado este estudo, o pleno do Consello Interterritorial do 24 de abril de 2018 adoptou diversos acordos como:

- *Revisar os requisitos de acreditación de centros e unidades docentes nas especialidades de medicina de familia e pediatría de atención primaria.*



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

• *Modificar a Lei de ordenación das profesións sanitarias, para establecer un procedemento máis áxil e flexible para acreditar centros e unidades docentes para a formación sanitaria especializada.*

• *Modificar a Lei do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde para incentivar a provisión de prazas de difícil cobertura.*

• *Ademais, contábase con ter a finais de 2018 completado o Rexistro Estatal de Profesionais Sanitarios e poder, a través del, realizar un estudo de necesidades de especialistas a nivel nacional.*

Pouco menos dun mes e medio despois deses acordos, aprobados por unanimidade, tamén por gobernos autonómicos socialistas, o PSOE accedía ao Ministerio de Sanidade.

Desde entón pasaron xa tres anos e catro ministros pero non hai ningún avance en ningún destes temas que todas as Comunidades Autónomas, en abril de 2018, consideraron que correspondía ao Goberno de España resolver.

A pesares das dificultades que o sistema ofrece para acreditar centros e atopar titores, a Xunta de Galicia foi incrementando progresivamente as prazas de formación sanitaria especializada ofertada ata levar xa varios anos cubrindo o 100% das prazas que o Ministerio acredita para a formación de especialistas en medicina familiar e comunitaria ou pediatría de atención primaria. Unha formación cuxo financiamento é asumido de xeito íntegro pola comunidade autónoma.

Por outra banda, máis alá da formación de novos profesionais na medicina está a estabilización das prazas dos que están actualmente en exercicio, unha estabilización que está fortemente obstaculizada polo mantemento de límites nas taxas de reposición de emprego público por parte do Goberno de España.

Galicia solicitou reiteradamente en todos os foros institucionais en materia de Función Pública a eliminación das taxas de reposición, porque son o factor que determinou a situación de alta temporalidade no emprego público. Lamentablemente, o Goberno central decidiu mantelas.

Ademais Galicia foi a única comunidade que presentou unha proposta formal ao Goberno central de reforma do Estatuto Básico do Emprego Público para eliminar as taxas de reposición e, ademais, habilitar a oferta anticipada das prazas que se prevé que quedarán de vacantes previstas nos próximos dous anos para que os empregados públicos que se



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraades.dicoruna.es

xubilan sexan relevados por persoal fixo. Esta proposta tampouco foi aceptada polo goberno.

Desde a Xunta de Galicia tense reiterado esta solicitude aos distintos gobernos centrais. No 2014 solicitouse por carta aos ministros Cristóbal Montoro e Ana Mato o incremento ata o 50% de ese límite. En decembro de 2016 trasladouse á ministra Dolors Montserrat unha serie de temas prioritarios para Galicia encabezada pola eliminación dos límites na taxa de reposición, unha solicitude que foi repetida posteriormente ante as catro persoas que ocuparon o Ministerio de Sanidade desde que Pedro Sánchez é Presidente do Goberno.

Na última ocasión, remitiuse á Ministra Carolina Darias un acordo acadado por unanimidade no Parlamento de Galicia o 14 de novembro de 2020 a raíz dunha moción, precisamente, do Grupo Socialista e na que se lembraba que tamén as conclusións da Comisión de Reconstrución creada no Congreso incluían esta recomendación. O ditame en materia de Sanidade, aprobado no Pleno do Congreso do 22 de xullo de 2020 cos votos favorables de PP, PSOE, Unidas Podemos e Ciudadanos e cos votos en contra de VOX e dos nacionalistas (incluído o BNG) recollía a recomendación de “Eliminar la tasa de reposición de efectivos para así terminar con la precariedad laboral”.

A pesares desta posición maioritaria do Congreso, do acordo unánime do Parlamento de Galicia e das reiteradas peticións da Xunta e doutros gobernos autonómicos, o Goberno de Sánchez mantivo, nos Orzamentos Xerais do Estado para 2021 unha taxa de reposición que impide ás administracións sanitarias convocar todas as súas prazas vacantes.

Malia o contexto económico dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde, en cumprimento do compromiso de dotar de estabilidade aos seus cadros de persoal, publicou ininterrompidamente desde o 2012 un novo decreto de oferta de emprego público cada ano, esgotando sempre a taxa máxima de reposición de efectivos autorizada en cada momento pola lexislación básica do Estado, cunha oferta total de 8.112 prazas nestes anos, priorizando ademais a convocatoria nas categorías que traballan en atención primaria.

É dicir, a Xunta de Galicia convocou todas as prazas de persoal sanitario que lle permitiu o Goberno de España en cada momento mentres que o actual Goberno de España, conformado por partidos que levaban anos pedindo a supresións dos límites ás taxas de reposición de efectivos no eido sanitario, continúan a mantelas, impedindo a convocatoria de novas prazas.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfono: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

Nese escenario, a combinación da escaseza de novos especialistas incorporados mediante formación especializada coa limitación da dotación de prazas derivada dos límites nas taxas de reposición provocan unha carencia de persoal médico especialista dispoñible que dificulta de xeito moi notable, no inmediato, o reforzo de prazas e a cobertura de substitucións ou vacacións pero, o que é aínda máis grave, que compromete a medio e longo prazo a asistencia sanitaria da nosa poboación, especialmente no que se refire a especialidades deficitarias como medicina familiar e comunitaria e pediatría de atención primaria.

Polo exposto, o Grupo Municipal Popular no concello de Frades, presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1.- Solicitar ao Goberno de España unha habilitación, de forma extraordinaria, dos centros de saúde necesarios para que teñan a consideración de centros acreditados para a formación, así como aos profesionais especialistas en Medicina Familiar e Comunitaria precisos para que poidan actuar como tutores na formación de residentes.*
- 2.- Solicitar ao Goberno de España unha convocatoria extraordinaria de prazas MIR que permita incorporar máis profesionais ao noso sistema sanitario e resolver o déficit de médicos en primaria e á Xunta de Galicia que cubra a totalidade desas prazas acreditadas e financie o 100% destas prazas con cargo aos seus orzamentos.*
- 3.- Esixir ao Goberno de España que, máis aló destas medidas extraordinarias, cumpra os acordos do Consello Interterritorial do Sistema Nacional de Saúde de abril do ano 2018 relativos ás reformas estruturais precisas para flexibilizar e axilizar o procedemento de acreditación de unidades docentes e os seus requisitos, permitindo a formación anual de máis profesionais especialistas.*
- 4.- Esixir ao Goberno de España que cumpra os acordos do Pleno do Congreso dos Deputados e do Parlamento de Galicia sobre a necesaria eliminación das limitacións impostas para as taxas de reposición de efectivos nos sistemas sanitarios públicos autonómicos.*
- 5.- Dar traslado destes acordos ao Goberno de España, á Xunta de Galicia, ao Congreso dos Deputados e ao Parlamento de Galicia.”*

O voceiro do BNG destaca positivamente que a moción sexa bilingüe.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

O voceiro do grupo do PSOE sinala que sempre se lle están a votar as culpas a Pedro Sánchez e Feijoo non leva ningunha. Destaca que se o Sr. Feijoo non ten culpa de nada do sucedido, ¿para que serve o seu goberno?, que se non ten culpa de nada e que non fai nada, so botar a culpa ao resto. Entende que se está a aplicar unha políticas populista. Non obstante pon de manifesto que a moción ten partes demandables pero non comparte as formas do Sr. Feijoo.

O Concelleiro do PP, Don Manuel Ferreiro Marzoa, sinala que non comparte o cualificativo do populista porque Feijoo ten pedido máis de 3.500 prazas MIR que non lle concedeu a administración central, non o revés, resultando sorprendente porque serían financiadas pola Xunta. É un problema que ven de atrás.

O voceiro do PSOE insiste que a sanidade estaba mellor antes dos recortes levados a cabo polo PP.

Votacións:

Votos a favor: 10

7 PP

1 BNG

2 PSOE

Resultado: Unanimidade

Estado Proposta: Aprobada

7.- INFORMES

1. Consultorio médico de Abellá

O alcalde infoma da reunión que mantivo coa Xerencia de Atención Primaria de Santiago en onde se tratou a reapertura nas próximas semanas do Consultorio de Abellá nas mesmas condicións que antes da pandemia covid.

2. Obras no Cpi de Ponte Carreira

O alcalde informa das obras que se fixeron no colexio

- Concello: Cambio do portal de entrada o recinto, renovación completa dos baños de infantil, cambio de chimenea, renovación do cuarto da lavadora, mellora da xardinaría exterior e outras obras menores de mantemento así como persoal de apoio do concello para



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coruña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

a limpeza e posta a punto das instalacións para o inicio do curso escolar. O concello valora as obras en preto de 20.000€

- Xunta de Galicia: Substitución do tellado de fibrocemento por cuberta de paneis sándwich e substitución de toda a carpintaría exterior do edificio de infantil e primaria...total: 380.000€

3. Licitación e obras

O alcalde informa das obras que están en proceso de licitación:

- Pos + e Pos Complementario do ano 2021 (Deputación da Coruña)
- Abastecemento de auga a Pibideira e o Peñasco en Abellá (Xunta de Galicia)

O alcalde informa tamén das obras que se están realizando ou se executaron nos últimos meses:

- Construcción dun Parque infantil cuberto en Abellá, subvencionado pola Consellería de Vicepresidencia da Xunta de Galicia e adxudicado a Construcciones Cernadas.
- Plan de mellora de camiños municipais, subvencionado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e adxudicado a Cosmalca S.L:

Camiño do Campo a Pista en Vitre, camiño da Cooperativa ao Vilar de Ledoira, accesos a Reirís e camiño dos Betotes ao cemiterio de Aña

- Plan de infraestruturas rurais: Pavimentación do camiño do Campo os Loureiros en Vitre , contratado pola Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia e adxudicado a Construcciones Rocha S.L
- Mellora e ampliación dos vestiarios do Campo de fútbol de Abellá, subvencionado pola Secretaria xeral de Deportes da Presidencia da Xunta de Galicia e adxudicado a Construcciones Lagares S.L

4. Obradoiro de emprego dual “Brañas do illo III”

(Ordes- Frades-Mesía)

O alcalde informa das obras realizadas polo obradoiro de emprego o longo deste ano 2021



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@frades.dicoruna.es

5. Concesión dun novo obradoiro de emprego dual “Brañas do illó IV” (Ordes-Frades-Mesía)

O alcalde informa da concesión por parte da Consellería de emprego da Xunta de Galicia dun novo obradoiro de emprego para o ano 2021-2022

- Subvención de 347.000€ 12.000E para incentivos a contratación laboral con unha duración de 9 meses e 3 meses de contratación laboral para varios alumnos.
- Especialidade de actividades auxiliares en conservación e mellora de montes con 10 alumnos
- Especialidade en repoboacións forestais e tratamentos silvícolas con 10 alumnos

6. Actividades culturais, deportivas e de ocio deste verán 2021

O alcalde informa das actividades realizadas polo concello de Frades durante este verán e das que están pendentes de realizar.

Destacando a gran participación este ano no Campamento de verán de conciliación con 60 participantes nos meses de Xullo e Agosto, e nos cursos de natación na piscina municipal con 57 participantes tamén nos meses de Xullo e Agosto.

As actividades realizáronse cumprindo con toda a normativa anticovid e so se tiveron que suspender o campionato de padel e o día da bici como medida preventiva polo aumento de casos de covid derivados das festas do 15 de Agosto.

7. Promoción das feiras do Concello

O alcalde informa que se están a promocionar as feiras que se levan a cabo tanto en Ponte Carreira os 12 e 26 de cada mes como en Abellá os 1º venres de cada mes.

Promoción con actividades paralelas eses días de feira e con publicacións na prensa e nas redes sociais



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

8.- ROGOS

1. Acondicionamento dunha área de servizo de autocaravanas

O voceiro do BNG pregunta se existe a posibilidade o se estuda polo goberno municipal a posibilidade de crear un parking de autocaravanas, xa que actualmente é un tipo de turismo en alza e que lle podería vir moi ben ao Concello.

O Alcalde sinala que efectivamente é un turismo que está crecendo e que os puntos idóneos serían a área da piscina e da Presa de Ponte Carreira. Considera que a idea que se propón é boa pero implicaría a aprobación dunha ordenanza reguladora e é necesario que a área dispoña de abastecemento de auga e dunha arqueta conectada a rede de saneamento do concello e nesas zonas non hai alcantarillado. Terase que estudar unha nova ubicación.

9.- PREGUNTAS

1. PLAN MOVES 3

O voceiro do BNG pon de manifesto que se vai a poñer en marcha por parte da Xunta de Galicia o terceiro Plan MOVES que ten como obxectivo mellorar a eficiencia enerxética no sector do transporte, mellorar a calidade do aire e contribuír a redución das emisións de gases de efecto invernadoiro e pregunta se o concello ten previsto solicitar estas axudas e de telo previsto, para que actuacións as demandaría.

O Alcalde contesta que se está a mirar xunto cun equipo de enxeñeiros as posible ordes de axudas que van a saír neste sentido.

Para adquisición de vehículos eléctricos hai subvencións que implican a entrega previa dun vehículo usado e o Concello só dispón dunha furgoneta polo que se fai inviable a solicitude da axuda, porque actualmente unha furgoneta eléctrica non serviría para as funcións para as que se está utilizando. En canto aos punto de recarga as liñas de axuda prevén que sexa para uso veciñal, que non se podería cobrar, o que fai difícil a súa posta en marcha pola afluencia de tráfico de xente non empadroada, pero que se esta estudando a posibilidade de solicitar axudas para establecer no concello algúns destes puntos de carga para vehículos eléctricos.

En materia de aforro enerxético informase polo Alcalde que se están valorando unha liña de axudas para cambiar a LED os focos do campo de fútbol de Abellá e as luminarias das instalacións.



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coaña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 09 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.diaoruna.es

2. Recollida de voluminosos.

O voceiro do BNG pregunta pola recollida de voluminosos.

O Alcalde informa que se leva a cabo os primeiros mércores de cada mes o lado dos contedores habituais das parroquias pero pode quedar algunha zona que este apartada dos núcleos de poboación sen recoller, pero que si os veciños nos comunican que non se recolleu sempre se avisa a empresa para que proceda a recollida.

3. Problema de augas no lugar de Tarrentos (Añá)

O voceiro do PSOE pon de manifesto que lle comunicaron un problemas de augas e escorrentías na parroquia de Tarrentos, ao dicorrerlle a auga a un veciño polo peche da vivenda.

O Concelleiro de Obras Don Manuel Ferreiro informa que a auga discorreu sempre así polo regato, que non se fixo modificación algunha nesa zona, non obstante xa se está estudando unha solución coa construción dunha taxea para que non vaia tanta auga hacia a casa dese veciño.

4. Axuda a domicilio e Dependencia.

O voceiro do PSOE pon de manifesto que un veciña lles preguntou por unha axuda a domicilio para unha persoa maior e se se podía axilizarse a axuda derivada da Lei de Dependencia, polo que solicita información sobre o estado da axuda solicitada.

O Alcalde sinala que xa está comentado o asunto cos servizos sociais e que se fará todo o posible para facilitarlle a axuda a domicilio do concello canto antes pero con respecto a axuda da Lei de Dependencia esta pendente da revisión por parte da Xunta de Galicia.

5. Ausencia de alumado público e abastecemento de auga nunha vivenda.

O voceiro do PSOE pon de manifesto que un veciño lle manifestou non ter alumado público na farola dunha casa nin abastecemento de auga.

O Alcalde informa que se trata dunha casa abandonada e alonxada do núcleo de poboación mais próximo e que por iso non se levou o abastecemento de auga ata a casa, ademais a referida vivenda dou de baixa o contrato de luz e polo tanto resulta costoso volver a conectar a farola ao non existir suministro eléctrico a dita vivenda. O alcalde manifesta que



Concello de FRADES

Cimadevila, 10

15686 - FRADES (A Coñña)

Teléfs: 981 - 69 55 67 y 981 - 69 56 63 Fax: 981 - 69 55 79

E-Mail: correo@fraides.dicoruna.es

no momento que den outra vez de alta o suministro e a casa este habitada se procedera a dotar os servizos de abastecemento e de alumeadado público.

6. Potabilizadora.

O voceiro do PSOE indica que é necesario mellorar a potabilizadora e pregunta quen é o órgano competente.

O Alcalde sinala que a competencia e do Concello e que se está a facer un proxecto para Mellorar e ampliar a Potabilizadora para entregar en Augas de Galicia, e que hai un compromiso por parte da Xunta para firmar un convenio que financie dita obra.

7. Pegatinas co logo do BNG en sinais turísticas do Concello.

O Alcalde fai uso da palabra neste momento para por de manifesto que lle preocupa que están a aparecer pegatinas e pintadas independentistas co logo do BNG nas sinais turísticas do Concello. Asimesmo que existe unha pancarta sobre os eólicos no pavillón de Abellá. que está rota e descolgada. Polo exposto pregunta ao voceiro do BNG se se vai tomar algunha medida dende o grupo político.

O voceiro do BNG sinala que se solventará o problema da pancarta de Abellá e no relativo as pegatinas manifesta non ter constancia das mesmas, pero que son alleas a actuación do grupo municipal.

Dado que non hai máis asuntos de que tratar na Sesión de hoxe, o Sr. Alcalde- Presidente levanta a sesión cando son as 16:15 horas, no lugar e data indicados

A Secretaria Accidental

V. Pr. O Alcalde

Asdo :Nieves Mandayo Vázquez

Asdo.: Roberto Rey Martínez